

I. DISPOSICIÓN XERAIS

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Conflicto positivo de competencia (7869/2009).

O Pleno do Tribunal Constitucional, por providencia do 6 de outubro actual, admitiu a trámite o conflito positivo de competencia número 7869/2009, promovido pola Xunta de Galicia, en relación co Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras no seu conxunto e, en todo caso, os artigos 2, 3.4º, 4, 5, 6.3º, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 17.2º, os números 1º e 2º da alínea b) do artigo 18, 19.3º e 4º, 22.3º, 24.2º, 27.3º, 28, menos o parágrafo primeiro, 30.3º, 31, 32.2º, 3º e 4º, 33.3º e 4º, 36, 37.4º, parágrafo segundo, 38 parágrafo segundo, 42.2º, 3º e 4º, 43.3º e 4º, 44, 45 e 46, así como das disposicións adicionais segunda, terceira e cuarta, e as disposicións transitorias segunda e terceira do anexo III.

Madrid, seis de outubro de dous mil nove.

Herminia Palencia Guerra
Secretaria de Xustiza do Pleno

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 8 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, pola que se fai pública a realización dun curso homologado de nivel básico para a obtención do carné de aplicador/manipulador de biocidas.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandaría e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 8.6º que os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo comunicarán aos organismos responsables na comunidade autónoma a homologación dos ditos cursos, e no seu artigo 9, a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que vai celebrar.

En consecuencia, anúnciase a realización dun curso de aplicador/manipulador de biocidas, nivel básico, homologado polas direccións xerais de Saúde

Pública do Ministerio de Sanidade e Política Social, e de Agricultura do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, solicitado pola entidade *Sanea Control, S.L.*, de acordo coas seguintes bases:

1. Denominación do curso: curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel básico.

2. Entidade organizadora: *Sanea Control, S.L.*

3. Data: os días 2, 3, 4 e 5 de novembro de 2009.

4. Lugar de realización: Sindicato Labrego Galego. Rúa Virxe do Portal, 11. 32400 Ribadavia (Ourense).

5. Número de prazas: quince (15) alumnos.

6. Dirixido a: todo o persoal auxiliar das empresas que apliquen e/ou manipulen produtos biocidas.

7. Criterios de selección: por rigorosa orde de recepción de inscricións.

8. Presentación de solicitudes: solicitude segundo o modelo anexo.

9. Programa:

*Día 2/11

16.00-19.00 h Praguicidas. Historia. Descrición e xeneralidades. Lexislación

19.00-21.15 h Xeneralidades sobre pragas ambientais e da industria alimentaria

*Día 3/11

16.00-17.00 h Riscos para o home derivados do uso dos praguicidas

17.00-18.00 h Hixiene e seguridade no manexo e aplicación de praguicidas

18.00-19.00 h Praguicidas e ambiente. Problemas. Destrución de envases

19.00-21.15 h Prevención, diagnóstico e primeiros auxilios na intoxicación por praguicidas

*Día 4/11

16.00-18.45 h Métodos de loita antivectorial

18.45-21.15 h Técnicas de aplicación de praguicidas. Desinfección ambiental. Lexionela

*Día 5/11

16.00-20.15 h Prácticas:

-Preparación de disolucións de produtos

-Exercicios prácticos

-Interpretación de pictogramas e etiquetas de praguicidas

-Boas prácticas de almacenaxe de praguicidas

20.15-21.15 h Avaliación tipo test

10. Certificado de superación do curso: é obrigatoria a asistencia a todas as sesións do curso. Finalizado este, a entidade organizadora realizará as probas pertinentes que avalíen os coñecementos adquiridos polo alumno e, no caso de superalas, expedirá o certificado correspondente co que poderá solicitar á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade o carné de aplicador/manipulador de biocidas, nivel básico.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2009.

Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Saúde Pública e Planificación

ANEXO

Ficha de solicitude de inscrición

Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel básico.

Entidade organizadora: *Sanea Control, S.L.*

Datas: os días 2, 3, 4 e 5 de novembro de 2009.